<ul style="list-style-type: none"> - Razonabilidade da fe, desenvolvemento integral da persoa e fomento do ben común. - A transformación social como vocación persoal e proxecto profesional. - Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural. - A Biblia como fonte de coñecemento para entender a historia e identidade de Occidente e o diálogo intercultural. - A vida da Igrexa como xeradora de identidade e cultura ao longo da historia: análise das súas contribucións á construción social, política e cultural. - Respecto #ante a beleza das diversas manifestacións culturais e relixiosas como elemento de pertenza e tradición cultural. - Aprecio da relación da mensaxe cristiá coa ciencia e a cultura como medio de enriquecemento do conxunto dos saberes. - Corresponsables no coidado das persoas e do planeta. - Os dereitos humanos e os obxectivos de desenvolvemento sostible en relación co pensamento social cristián. - A esperanza cristiá e a santidad.

UD	Título da UD	Duración
6	Non sempre funciona.	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer os trazos esenciais da antropoloxía cristiá, relacionándoos cos dereitos fundamentais e a defensa da dignidade humana, verificándoos en situacións globais.	Descubre os trazos esenciais da antropoloxía cristiá É capaz de relacionar a antropoloxía cristiá cos dereitos fundamentais Defende a dignidade humana desde os trazos esenciais dunha antropoloxía cristiá Identifica e verifica os trazos esenciais da antropoloxía cristiá en situacións globais da vida.		
CA1.2 - Formular un proxecto persoal de vida con sentido que responda a valores de coidado propio, dos demais e da natureza, respectando os dos outros, tomando como referencia a Xesucristo, sendo capaz de modular estas opcións en situacións vitais complexas.	Compón un proxecto persoal de vida con sentido Crea un proxecto de vida respondendo a valores de coidado propio e respectando os dos demais Coida a natureza e aos demais. Toma como referencia a Xesucristo na construción dun proxecto persoal de vida	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Asumir valores e actitudes de coidado persoal, dos outros, da natureza e dos espazos comúns, favorecendo actitudes de respecto, gratuidade, reconciliación, inclusión social e sustentabilidade.	Desenvolve actitudes sociais facéndose cargo do coidado dos outros Crea lazos de solidariedade Fai un uso responsable dos recursos naturais e dos espazos comúns Ocúpase do coidado persoal e dos outros favorecendo respecto, gratuidade, reconciliación, inclusión social e sustentabilidade		
CA1.5 - Cooperar activamente en proxectos de coidado e responsabilidade cara ao ben común, inspirados na perspectiva cristiá, participando en accións de mellora da contorna e na formulación das opcións profesionais.	Participa en proxectos de responsabilidade cara ao ben común. Colabora en proxectos de coidado e responsabilidade cara ao ben común Participa e promove proxectos de coidado e responsabilidade cara ao ben común Implícase no fomento do ben común creando proxectos que poden ter opcións profesionais		
CA1.6 - Contribuír á fraternidade universal, contrastando criticamente o paradigma científico tecnolóxico vixente e as narrativas de progreso, coa antropoloxía, a moral e a escatoloxía cristiá, respondendo con sensibilidade e implicación a situacións de empobrecemento e vulnerabilidade.	Compara e analitiza o paradigma científico e tecnolóxico desde unha perspectiva da fraternidade universal Busca a construción da fraternidade universal Contrasta a antropoloxía, a moral e a escatología cristiá co progreso Actúa con sensibilidade ante situacións de empobrecemento e vulnerabilidade		
CA1.9 - Formular posibles respostas ás preguntas de sentido, coñecendo e valorando as achegas das tradicións relixiosas, en especial a proposta de sentido da vida de Xesucristo, elaborando as súas propias respostas partindo dunha análise crítica e a adaptación á súa situación persoal.	Ante as preguntas de sentido é capaz de formular posibles respostas. Coñece e valora as achegas das tradicións relixiosas á resposta do sentido. Aprecia a proposta de sentido da vida de Xesucristo Confecciona as súas propias respostas e a adáptaa á súa situación persoal.		
CA1.11 - Recoñecer a Igrexa, comunidade dos discípulos de Xesucristo, e o seu compromiso na amizade social como núcleos esenciais do cristianismo, valorando criticamente a súa contribución cultural e histórica.	Compara e analitiza o paradigma científico e tecnolóxico desde unha perspectiva da fraternidade universal Busca a construción da fraternidade universal Contrasta a antropoloxía, a moral e a escatología cristiá co progreso Actúa con sensibilidade ante situacións de empobrecemento e vulnerabilidade		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida.

Contidos

- Trazos esenciais da antropoloxía cristiá en diálogo coa dignidade humana.
- Situacións vitais e preguntas existenciais en relación coa construción do proxecto persoal.
- Xesucristo como referencia para o recoñecemento e valoración positiva da dignidade humana e a solidariedade.
- O Evanxeo como resposta á procura de sentido.
- Estratexias de comunicación en distintas linguaxes das propias ideas, crenzas e experiencias en contextos interculturais.
- A transformación social como vocación persoal e proxecto profesional.
- Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural.
- A Igrexa como comunidade dos discípulos de Xesucristo.
- Principios e valores do ensino social da Igrexa e a súa aplicación en sociedades democráticas.
- Corresponsables no coidado das persoas e do planeta.
- Actitudes e destrezas de diálogo ecuménico e interrelixioso con pleno respecto ás conviccións propias e as dos outros.
- A esperanza cristiá e a santidad.

UD	Título da UD	Duración
7	Comunidade de bens.	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer os trazos esenciais da antropoloxía cristiá, relacionándoos cos dereitos fundamentais e a defensa da dignidade humana, verificándoos en situacións globais.	Descobre os trazos esenciais da antropoloxía cristiá É capaz de relacionar a antropoloxía cristiá cos dereitos fundamentais Defende a dignidade humana desde os trazos esenciais dunha antropoloxía cristiá Identifica e verifica os trazos esenciais da antropoloxía cristiá en situacións globais da vida.	TI	100
CA1.2 - Formular un proxecto persoal de vida con sentido que responda a valores de coidado propio, dos demais e da natureza, respectando os dos outros, tomando como referencia a Xesucristo, sendo capaz de modular estas opcións en situacións vitais complexas.	Compón un proxecto persoal de vida con sentido Crea un proxecto de vida respondendo a valores de coidado propio e respectando os dos demais Coida a natureza e aos demais. Toma como referencia a Xesucristo na construción dun proxecto persoal de vida		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Asumir valores e actitudes de coidado persoal, dos outros, da natureza e dos espazos comúns, favorecendo actitudes de respecto, gratuidade, reconciliación, inclusión social e sustentabilidade.	Desenvolve actitudes sociais facéndose cargo do coidado dos outros Crea lazos de solidariedade Fai un uso responsable dos recursos naturais e dos espazos comúns Ocúpase do coidado persoal e dos outros favorecendo respecto, gratuidade, reconciliación, inclusión social e sustentabilidade		
CA1.4 - Cooperar á construción de sociedades xustas e democráticas, fortalecendo vínculos sociais e interxeracionais, e as relacións en modelos de interdependencia, analizando a realidade, tendo en conta os principios e valores do maxisterio social da Igrexa e promovendo o desenvolvemento humano integral.	Participa na construción de sociedades xustas e democráticas. Reforza vínculos sociais e interxeracionais. Recoñece a interdependencia apreciando o seu vínculo emocional. Considera os principios e valores do maxisterio social da Igrexa.		
CA1.5 - Cooperar activamente en proxectos de coidado e responsabilidade cara ao ben común, inspirados na perspectiva cristiá, participando en accións de mellora da contorna e na formulación das opcións profesionais.	Participa en proxectos de responsabilidade cara ao ben común. Colabora en proxectos de coidado e responsabilidade cara ao ben común Participa e promove proxectos de coidado e responsabilidade cara ao ben común Implícase no fomento do ben común creando proxectos que poden ter opcións profesionais		
CA1.6 - Contribuír á fraternidade universal, contrastando criticamente o paradigma científico tecnolóxico vixente e as narrativas de progreso, coa antropoloxía, a moral e a escatoloxía cristiá, respondendo con sensibilidade e implicación a situacións de empobrecemento e vulnerabilidade.	Compara e analitiza o paradigma científico e tecnolóxico desde unha perspectiva da fraternidade universal Busca a construción da fraternidade universal Contrasta a antropoloxía, a moral e a escatoloxía cristiá co progreso Actúa con sensibilidade ante situacións de empobrecemento e vulnerabilidade		
CA1.9 - Formular posibles respostas ás preguntas de sentido, coñecendo e valorando as achegas das tradicións relixiosas, en especial a proposta de sentido da vida de Xesucristo, elaborando as súas propias respostas partindo dunha análise crítica e a adaptación á súa situación persoal.	Ante as preguntas de sentido é capaz de formular posibles respostas. Coñece e valora as achegas das tradicións relixiosas á resposta do sentido. Aprecia a proposta de sentido da vida de Xesucristo Confecciona as súas propias respostas e a adáptaa á súa situación persoal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - Trazos esenciais da antropoloxía cristiá en diálogo coa dignidade humana.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Situacións vitais e preguntas existenciais en relación coa construción do proxecto persoal. - Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural. - Valor das prácticas espirituais do monacato, a mística e a devoción popular. - Corresponsables no coidado das persoas e do planeta. - Os dereitos humanos e os obxectivos de desenvolvemento sostible en relación co pensamento social cristián. - Proxectos eclesiais que traballan a amizade social, a solidariedade interxeracional e a sustentabilidade do planeta. - Propostas da ética social da Igrexa aplicadas aos desafíos do mundo actual e ao paradigma tecnocrático.

UD	Título da UD	Duración
8	Corresponsabilizándonos.	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Formular un proxecto persoal de vida con sentido que responda a valores de coidado propio, dos demais e da natureza, respectando os dos outros, tomando como referencia a Xesucristo, sendo capaz de modular estas opcións en situacións vitais complexas.	Compón un proxecto persoal de vida con sentido Crea un proxecto de vida respondendo a valores de coidado propio e respectando os dos demais Coida a natureza e aos demais. Toma como referencia a Xesucristo na construción dun proxecto persoal de vida	TI	100
CA1.3 - Asumir valores e actitudes de coidado persoal, dos outros, da natureza e dos espazos comúns, favorecendo actitudes de respecto, gratuidade, reconciliación, inclusión social e sustentabilidade.	Desenvolve actitudes sociais facéndose cargo do coidado dos outros Crea lazos de solidariedade Fai un uso responsable dos recursos naturais e dos espazos comúns Ocúpase do coidado persoal e dos outros favorecendo respecto, gratuidade, reconciliación, inclusión social e sustentabilidade		
CA1.4 - Cooperar á construción de sociedades xustas e democráticas, fortalecendo vínculos sociais e interxeracionais, e as relacións en modelos de interdependencia, analizando a realidade, tendo en conta os principios e valores do maxisterio social da Igrexa e promovendo o desenvolvemento humano integral.	Participa na construción de sociedades xustas e democráticas. Reforza vínculos sociais e interxeracionais. Recoñece a interdependencia apreciando o seu vínculo emocional. Considera os principios e valores do maxisterio social da Igrexa.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Cooperar activamente en proxectos de coidado e responsabilidade cara ao ben común, inspirados na perspectiva cristiá, participando en accións de mellora da contorna e na formulación das opcións profesionais.	Participa en proxectos de responsabilidade cara ao ben común. Colabora en proxectos de coidado e responsabilidade cara ao ben común Participa e promove proxectos de coidado e responsabilidade cara ao ben común Implícase no fomento do ben común creando proxectos que poden ter opcións profesionais		
CA1.7 - Participar criticamente na promoción da diversidade cultural, expresando e achegando creativamente as experiencias propias, respectando as diferenzas entre persoas e comunidades.	Analiza a promoción da diversidade cultural Expresa e achega as experiencias propias na promoción da diversidade cultural Domina o respecto ás diferenzas entre persoas e comunidades Admira o patrimonio cultural respectando todas as experiencias e recoñecendo que son portadoras de sentido		
CA1.9 - Formular posibles respostas ás preguntas de sentido, coñecendo e valorando as achegas das tradicións relixiosas, en especial a proposta de sentido da vida de Xesucristo, elaborando as súas propias respostas partindo dunha análise crítica e a adaptación á súa situación persoal.	Ante as preguntas de sentido é capaz de formular posibles respostas. Coñece e valora as achegas das tradicións relixiosas á resposta do sentido. Aprecia a proposta de sentido da vida de Xesucristo Confecciona as súas propias respostas e a adaptaas á súa situación persoal		
CA1.11 - Recoñecer a Igrexa, comunidade dos discípulos de Xesucristo, e o seu compromiso na amizade social como núcleos esenciais do cristianismo, valorando criticamente a súa contribución cultural e histórica.	Compara e analiza o paradigma científico e tecnolóxico desde unha perspectiva da fraternidade universal Busca a construción da fraternidade universal Contrasta a antropoloxía, a moral e a escatoloxía cristiá co progreso Actúa con sensibilidade ante situacións de empobrecemento e vulnerabilidade		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - Situacións vitais e preguntas existenciais en relación coa construción do proxecto persoal. - Xesucristo como referencia para o recoñecemento e valoración positiva da dignidade humana e a solidariedade. - O Evanxeo como resposta á procura de sentido. - A transformación social como vocación persoal e proxecto profesional.

Contidos

- Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural.
- A Igrexa como comunidade dos discípulos de Xesucristo.
- A vida da Igrexa como xeradora de identidade e cultura ao longo da historia: análise das súas contribucións á construción social, política e cultural.
- Figuras históricas e eclesiais comprometidas co ben común.
- Corresponsables no coidado das persoas e do planeta.
- Proxectos eclesiais que traballan a amizade social, a solidariedade interxeracional e a sustentabilidade do planeta.
- Actitudes e destrezas de diálogo ecuménico e interrelixioso con pleno respecto ás conviccións propias e as dos outros.
- O compromiso das relixións na construción da paz e a superación da violencia e os fundamentalismos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía didáctica nesta etapa será activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes. A metodoloxía empregada parte do estándar de aprendizaxe (EA) o que nos vai permitir traballar por competencias, facer actividades de aprendizaxe integradas que traballen EA de diferentes bloques e avanzar no currículo.

Concretamente na materia de Relixión Católica as tarefas do profesor/a serán:

- Informar e expoñer con antelación un exercicio comunicando o material necesario para a súa elaboración.
- Presentar o tema ou o asunto sobre o que vai desenvolverse a sesión do día.
- Ilustrar mostrando suficiente material visual para complementar o discurso teórico.
- Explicar: Definirase claramente a natureza dos exercicios, que facemos, para que o facemos, a que cuestións temos que dar resposta, que procedementos empregaremos, cales son os materiais máis axeitados para cada proposta e como traballaremos (individualmente, en grupo pequeno, en gran grupo...). Cando sexa necesario serán os propios alumnos os que corrixan publicamente os exercicios.
- Orientar: daranse pautas individualizadas para que cada alumno/a obteña o mellor resultado posible.
- Avaliar/ autoavaliarse: Segundo as rúbricas axeitadas. Tralos resultados, faremos unha análise da metodoloxía empregada, unha autocrítica e unha crítica por parte do alumnado.
- Corrixir coas rúbricas correspondentes.

Serán tarefas do alumnado:

- Custodiar o material que lle proporciona o centro para o uso das novas tecnoloxías.
- escoitar e prestar atención as explicacións.
- Non perturbar o normal desenvolvemento da clase.
- Participar e colaborar en crear un clima propicio para o aprendizaxe.
- Preguntar ordenadamente para solucionar dúbidas.
- Atender e respectar as dúbidas e opinións dos compañeiros/as.
- Buscar e aportar ideas e solucións ás preguntas formuladas polo profesor/a.
- Elaborar a proposta de traballo seguindo as instrucións e orientacións do profesor/a.
- Non plaxiar traballos realizados por terceiros.
- Autoavaliarse e solicitar aclaracións no caso de non comprender algunha corrección.

Ademais das publicacións en Internet, poderán expoñerse publicamente outras tarefas realizadas para disfrute e aproveitamento de toda a comunidade educativa.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos persoais
Recursos materiais
Recursos tecnolóxicos
Recursos dixitais
Recursos espaciais

Recursos persoais: Formado por todos os profesionais do centro educativo, dende o profesorado da asignatura ata o profesorado titor, persoal especialista en AL e PT, departamento de orientación, mestres especialistas etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden no noso labor como docentes.

Recursos materiais: Biblia, dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta, libros de lectura, Documentos da Igrexa Católica (Encíclicas, Concilio Vaticano II, etc.) Revistas, diarios, información do Terceiro Mundo. Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), plastilina e outras pastas para modelar, maquetas

Recursos tecnolóxicos; ordenadores, robots educativos, encerados dixitais

Recursos dixitais: Edixgal, Aula virtual e web do propio Centro, enciclopedias online, app para xerar mapas mentais, vídeos educativos, libros dixitais, actividades con realidade aumentada, kahoot ou Quizizz para realizar actividades de repaso e avaliación, Canva e genially para elaboración de traballos . Materiais do repositorio Abalar. Utilización das aplicacións do correo corporativo. Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe.

Recursos espaciais: A propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo, a radio, aula de convivencia (para resolver aqueles conflitos que poidan xurdir), así como os diversos espazos da contorna.

Nesta materia non contamos con libro de texto neste curso senón que empregamos o material elaborado pola profesora e que estará colgado na plataforma E-Dixgal .

Cada alumno disporá dun portfolio persoal, compendio de traballos individuais, dunha conta de Edixgal ,no que irán elaborando e recollendo os recursos didácticos .

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao tratarse dunha materia de oferta obrigatoria para o centro educativo pero de libre elección para o alumnado, este pode acceder á materia mesmo sen tela cursado con anterioridade polo que non é preciso que acredite coñecementos previos.

As primeiras sesións do curso, dedicaranse a avaliar as competencias e coñecementos do alumnado. Empregaranse instrumentos de avaliación variados tanto orais, escritos, individuais e grupais , realizarase unha proba escrita específica a principio de curso, preferentemente na segunda quincena de setembro, para saber a situación de partida do alumnado e coñecer as competencias coas que chega o alumnado é moi importante para poder detectar casos que precisen atención á diversidade. Esa proba escrita pode conter preguntas obxectivas así como de texto incompleto, de emparellamento e de opción múltiple, relacionados cos estándares do curso correspondente tentaremos ver cal é o nivel inicial do alumnado. Tal proba terá un carácter informativo e non terá validez para a cualificación final, para poder analizar a situación dos coñecementos en relación á materia.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	10	10	15	10	10	15	15	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A nota de cada avaliación calcularase da seguinte forma:

Realización de probas, traballos e actividades, corresponderá a unha avaliación con táboas de indicadores sobre os coñecementos tal como se reflicte no punto 3.3 desta programación. Total 70%:

- Elabora traballos a partir dun esquema proposto na aula tanto individual como en grupo, será medido con rúbricas e rexistros de control 20%
- Obtén información de diferentes medios, selecciona e redacta ideas sobre un tema determinado 20%
- Resolve exercicios tipo test do contido da materia 20%
- Coordínase e participa realizando tarefas en grupo 10%

Aproveitamento en clase, participación. Total 30%:

- Participa nas tarefas e debates da clase sendo respectuoso e non entorpece o traballo dos demais 5%
- Realiza as tarefas propostas 10%
- Produce textos relacionados cos contidos de aprendizaxe 10%
- É ordenado, coidadoso e responsable co material e actividades propostas 5%

No boletín a nota reflíctese cun número enteiro, se na parte decimal da nota o valor é igual ou superior a 5 décimas redondearase a un número enteiro superior, no caso de que non chegue as 5 décimas quedará no enteiro correspondente a nota.

A avaliación será aprobada cun 5 despois do redondeo.

Criterios de recuperación:

Dado que o proceso de avaliación do alumnado é continuo, as dificultades serán detectadas con rapidez e se facilitará que o alumnado se poña ao día co traballo non realizado ou cos saberes non adquiridos.

No caso de que a media das tres avaliacións sexa 4,5 ou superior superará a materia.

No caso de que a media sexa inferior a 4,5 deberá recuperar a avaliación ou avaliacións suspensas nas datas fixadas antes do 21 de xuño.

No caso de que teña que recuperar unha ou varias

avaliacións deberá facer un traballo sobre aqueles contidos que non superou e se valorará cun 50% e unha proba escrita que fará referencia o traballo realizado que se valorará cun 50%.

6. Medidas de atención á diversidade

A Educación Secundaria Obrigatoria organízase de acordo cos principios de educación común e de atención á diversidade do alumnado. As medidas de atención á diversidade nesta etapa estarán orientadas a responder as necesidades educativas concretas do alumnado e ao logro dos obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria e a adquisición das competencias correspondentes e non poderán, en ningún caso, supoñer unha discriminación que lles impida alcanzar devanditos obxectivos e competencias e a titulación correspondente.

Nesta etapa prestarase unha atención especial á adquisición e o desenvolvemento das competencias e fomentarse a correcta expresión oral e escrita. A fin de promover o hábito da lectura, como se recolle no Plan Lector do centro, adicaremos 20 minutos diarios segundo a sesión que corresponda diariamente. Ademais este departamento ten habilitado un itinerario lector para que o alumnado faga uso del.

A metodoloxía da materia de Relixión Católica terá en conta os principios do Deseño Universal para a Aprendizaxe para programar propostas didácticas compostas por prácticas de aprendizaxe, ensino e avaliación que contribúan a enriquecer o proceso de desenvolvemento integral do alumnado, promovendo o seu progreso no recoñecemento da tradición relixiosa e cultural da contorna familiar e social, na adquisición de actitudes, valores e crenzas necesarios para a súa vida persoal e en sociedade, no crecemento interior e proxecto vital, así como na expresión das súas propias emocións e experiencias de forma respectuosa e

empática xerando contornas inclusivas e interculturais. Foméntanse así procesos pedagóxicos accesibles para todos pola diversidade de estratexias e recursos, de espazos e tempos, que se utilizan na aula e pola adaptación do currículo ás necesidades dos diferentes ritmos de aprendizaxe. No deseño das actividades desta materia terase en conta a flexibilidade do currículo, os contextos de ensino inclusivos, e a utilización de recursos accesibles para a adecuada resposta educativa a todo o alumnado concíbese a partir do principio de inclusión, entendendo que unicamente dese modo garántese o desenvolvemento de todos, favorécese a equidade e contribúese a unha maior cohesión social. A atención á diversidade é unha necesidade que abarca a todas as etapas educativas e a todo o alumnado. É dicir, trátase de contemplar a diversidade das alumnas e alumnos como principio e non como unha medida que corresponde ás necesidades duns poucos.

En cumprimento do artigo 52 da orde 8 de setembro 2021 de atención á diversidade, elaborárase un plan específico personalizado para o alumnado que deban permanecer un ano máis no mesmo curso que incida nas dificultades detectadas no curso anterior.

En canto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación por un lado as medidas ordinarias, así como as medidas extraordinarias, as cales se poñerán en funcionamento unha vez esgotadas as ordinarias. Así, entre as medidas ordinarias hai que ter en conta á adecuación desta programación ás características do centro e do alumnado. Por outro lado, levaranse a cabo programas de habilidades sociais para traballar a autoestima ou a empatía, o que facilitará o traballo en equipo. Por último, en canto as medidas ordinarias hai que destacar o programa de enriquecemento curricular para aquel alumnado con altas capacidades. Por outra banda, entre as medidas extraordinarias podemos atopar: adaptacións curriculares, agrupamentos flexibles, apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe, a flexibilización no período de escolarización, así como alumnado que no poida acudir ao centro educativo por circunstancias diversas ou unha atención educativa domiciliaria ou hospitalaria. Tendo en conta esta información sobre as medidas de atención á diversidade, levaranse a cabo aquelas que se correspondan coa diversidade da aula, como poden ser as seguintes:

- Mellorar os hábitos de estudo e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas, mapas conceptuais, resumos etc.
- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais.
- Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados, como poden ser o uso de imaxes ou apoios visuais.
- Diseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que aborden contidos de outras materias, afondando nos coñecementos adquiridos.
- Levar a cabo actividades complementarias, as cales amplían os aspectos curriculares, como poden ser as saídas a centros de culto, visitas a museos, exposicións, charlas formativas, etc.
- Establecer colaboracións con outras institucións (Igrexa, Concello, Deputación, organizacións sen ánimo de lucro, Casa da xuventude) como poden ser o emprego dos materiais aportados por fundacións como Cáritas, Manos Unidas...
- Participar en plans e programas da Consellería de Educación e outras entidades, algúns exemplos pode ser o Plans Proxecta+ e Plans de innovación, entre outros.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Formación estética	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación para a sostibilidade e o consumo responsable	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Ao traballar os mesmos descritores operativos que as demais materias, a materia de Relixión pode integrarse como unha materia nos proxectos de interdisciplinariedade e o traballo por ámbitos. Nos propios saberes recóllese a relación con outras disciplinas especialmente Lingua, Historia, Xeografía, Educación Plástica e Visual, Bioloxía, etc

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas culturais	Visita a centros de culto, centros de voluntariado, un museo, exposicións...	X	X	X
Saídas á contorna	Nas que coñeceremos o patrimonio natural, social e cultural máis próximo.	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charlas formativas	Asociacións, profesionais de distintos ámbitos laborais, ou outras institucións.		X	
Conmemoracións	Recollidas no calendario escolar, como poden ser: festas do calendario litúrxico católico (especialmente Advento, Nadal, Coresma, Semana Santa e Pascua), festas propias do centro, Día Internacional da Paz, semanas culturais?	X	X	X
Casa do patrón e museo Aller de Lalín	Poder coñecer como funciona en directo e facer algún dos nosos programas		X	X
Fundación Paco Lareo a Solaina. Piloño	Visita a exposición de pintura e escultura		X	X
Visita a casa da Xuventude de Lalín	Coñecer o que temos na nosa contorna		X	
Tramo do Camiño de Santiago	Percorrer algún tramo do camiño de Santiago		X	X
Visita a Santiago de Compostela	Para coñecer elementos importantes aos que fixo referencia na clase		X	X
Visita a Catedral de Ourense e monumentos da contorna	Para coñecer elementos importantes aos que fixo referencia na clase		X	X
Visita a unha cidade galega de interese para a materia	Para coñecer elementos importantes aos que fixo referencia na clase		X	X
Visita a un país que teña interese cultural para a materia	Para coñecer elementos importantes aos que fixo referencia na clase		X	X
Visita a unha emisora de radio	Poder coñecer como funciona en directo e facer algún dos nosos programas		X	X
Entrevistas fora de centro a persoas da contorna para o proxecto Somos das Cruces	Entrevistas para coñecer elementos culturais que temos na contorna		X	X

Observacións:

Mediante a realización de actividades complementarias e extraescolares preténdese conseguir os seguintes obxectivos:

Ampliar o horizonte cultural do alumnado.

Adquirir uns valores e actitudes que, como a tolerancia e o respecto, son fundamentais na convivencia.

Fomentar a autonomía.

Coñecer e familiarizarse con acontecementos culturais que habitualmente non se ofrecen nos medios de comunicación de masas.

Conseguir mellorar as súas competencias básicas en contextos distintos.

Complementar o currículo das diferentes áreas.

Fomentar as inxedanzas culturais no alumnado e contribuír ao seu desenvolvemento mediante actividades lúdicas.

Favorecer o desenvolvemento de temas transversais.

Desenvolver no alumnado valores de liberdade, responsabilidade, solidariedade e espírito crítico, fomentando as súas habilidades sociais.

A Xefatura de Estudos, como responsable da observancia da disciplina no Centro, poderá excluír das actividades complementarias ou extraescolares ao alumnado que incumpra de forma grave as normas de convivencia do centro ou teña reiteración de faltas leves.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Eficacia dos procedementos e instrumentos de avaliación
Facilitación do proceso de visualización, revisión e integración dos erros cometidos
Metodoloxía empregada
Incorporación das novas tecnoloxías ao proceso de ensino-aprendizaxe
Ofrecemento ao alumnado de forma rápida dos resultados das probas
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Idoneidade das actividades propostas para acadar as aprendizaxes
Medidas de atención á diversidade
Adecuación do nivel de dificultade ás características do alumnado
Facilitación a cada alumna e alumno da axuda individualizada precisa
Atención adecuada á diversidade do alumnado
Clima de traballo na aula
Combinación do traballo individual e en equipo de xeito eficiente
Participación activa de todo o alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Información do proceso de ensino-aprendizaxe ao alumnado, persoa titora e familia
Implicación do profesorado nas funcións de tutoría e orientación
Comunicación apropiada coa familia por parte do profesorado

Descrición:

Ademáis dos citados indicadores de logro, poderase incluír:

Se a programación se axústa ao marco normativo curricular estatal e autonómico e ao currículo de Relixión; se a estrutura da situación de aprendizaxe inclúe todos os elementos formais; se está adaptada ás características do centro e do grupo; se vincula este curso co perfil de saída, os descritores operativos e obxectivos de cada etapa; se se tivo en conta a diversidade do alumnado en canto a capacidades, distintos niveis cognitivos, ritmos e estilos de traballo, habilidades, estilos de aprendizaxe; se se planificou a partir dos criterios de avaliación que establece o currículo utilizando en cada secuencia aqueles saberes que permitían progresar na adquisición da correspondente competencia específica; se tivo en conta os descritores operativos das competencias clave e buscou o diálogo curricular con outras materias; si é adecuada aos criterios de avaliación.

Se como profesora reflexionei e avalei a miña labor docente durante todo o desenvolvemento da situación de

aprendizaxe, realizando modificacións (nas tarefas, nos contidos, na metodoloxía) cando foi necesario; se utilicei variadas ferramentas de avaliación ao longo da tarefa (rúbricas, observación, probas escritas ou orais); se tiver en conta os criterios de cualificación acordados e difundidos e se estes criterios van referidos non só a resultados de probas senón ao logro de competencias.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Realizarase o seguimento a través da aplicación Proens, farase na medida do posible, ao remate de cada situación de aprendizaxe, asegurando que se completou ao finalizar o trimestre. Os datos recollidos no seguimento permitirán tomar decisións cara á programación do seguinte curso académico.

9. Outros apartados